


CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA

INTER
CAMBIAR



16-17

FEB.2012



ENCONTRO INTERNACIONAL DE ECONOMÍA E CULTURA

Programa



CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA


INTER
CAMBIAR



Benvidos á Cidade da Cultura

A Cidade da Cultura de Galicia échese de vida. Exposicións, concertos, espectáculos de artes escénicas, encontros de artistas, ciclos literarios, seminarios, foros de debate... todo un programa cultural dirixido a estimular a creatividade e o coñecemento.

O complexo deseñado por Peter Eisenman no monte Gaiás de Santiagoponse en marcha como un novo espazo para VISITAR, un territorio onde EXPLORAR todas as súas posibilidades culturais e artísticas, unha factoría onde CREAR novos proxectos, un lugar para APRENDER e INTERCAMBIAR experiencias, e unha infraestrutura disposta a SUMAR os seus recursos aos proxectos máis innovadores, un programa cultural que pon toda a beleza arquitectónica e recursos deste proxecto ao servizo da cultura. Invitámosvos a que vos acheguedes a participar neste proxecto de todos que é a Cidade da Cultura de Galicia.





Encontro Internacional de Economía e Cultura

Que pode achegarlle o mundo da cultura ao da empresa? Publicidade, innovación, imaxe. E o mundo da empresa ao da cultura? Capacidade de xestión, financiamento, estabilidade.

Nun momento especialmente difícil, o fomento da economía creativa –unión dos mundos da empresa, a cultura, as TICs, a innovación, a creatividade e o emprendemento- preséntase como unha das mellores fórmulas de éxito. Neste escenario, a Cidade da Cultura celebra o Encontro Internacional de Economía e Cultura co obxectivo de analizar as posibles vías a través das que establecer esta alianza como o financiamento, a creatividade ou a innovación.

A través de fórmulas clásicas como o mecenado ou o patrocinio xunto a outras máis novas como o *crowdfunding*, o Encontro exporá con casos prácticos posibles vías de financiamento nas que converxan os intereses do tecido cultural cos do empresarial reportándolles beneficios a ambos os dous sectores. Ademais, deseñadores, directores artísticos ou consultores en estratexias *online* contarán en primeira persoa como a incorporación dun artista/creador a unha empresa tradicional pode ser decisiva para o seu crecemento, tanto á hora de crear novos produtos como á hora de facelos máis atractivos e vendibles. O Encontro Internacional de Economía e Cultura tamén presentará novas formas de traballo como o *coworking* ou a aplicación da tecnoloxía para abrir vías de negocio e propiciará reunións entre axentes dos dous sectores para establecer un espazo de encontro permanente entre o mundo da cultura e o da empresa.



| PROGRAMA | XOVES 16 FEBREIRO

09:30h

Entrega de documentación

10:00-10:30h

Apertura do Encontro

- Anxo Lorenzo, secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- Beatriz González Loroño, directora-xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia.
- Marcos Lorenzo, xestor cultural e promotor do Encontro Internacional de Economía e Cultura.

10:30-11:00h

Presentación dos informes 'Datos da Economía Creativa'

Análise sobre este subsector da cultura en Galicia. Visión macroeconómica do sector cultural en Galicia e relación actual das institucións públicas co tecido cultural.

- Juan Carlos Fernández Fasero, director de Agadic.
- Hakan Casares, coordinador do Observatorio da Cultura do Consello da Cultura Galega.

Modera:

Marcos Lorenzo.

11:00-12:00h

Conversa sobre a creación de futuro

Charla sobre como se visualiza un futuro onde a economía e a cultura traballan conxuntamente, a cultura como elemento transversal, a colaboración como ferramenta.

- Félix Lozano, creativo, xestor cultural e emprendedor.
- Rubén Martínez, xestor cultural e director de Yproductions.

Modera: Marcos Lorenzo.

12:00-12:15h

Pausa café

12:15-14:00h

Financiamento de proxectos culturais

Presentación e análise de fórmulas como o patrocinio, o mecenado ou máis novas como o crowdfunding para sacar adiante novos proxectos culturais e lograr a súa viabilidade.

- Antonio Cortés, director de Marketing de Gadisa.
- María Salvatierra, responsable de Marketing e Relacións Promocionais de Royal Academy of Arts.
- Marc Sempere, integrante do Colectivo Dóna Gustet.
- Jaime Llopis, socio da firma Cuatrecasas.

Modera: Cristina Riera, xestora, consultora e comunicadora cultural.



| PROGRAMA | XOVES 16 FEBREIRO

16:30-18:30h

Cooperación entre axentes culturais e tecido empresarial

Achega do artista ou creador no proceso de creación, produción e venda dun produto para lograr o desenvolvemento empresarial dunha firma tradicional.

- Uqui Permui, deseñadora de **Uqui Cebra**.
- Juan Paz, brand manager en Hijos de Rivera, S.A **Estrella Galicia**.
- Pia Areblad, directora de arte de **Tilt**.
- Roberto Carreras, consultor en estratexia online de **Plan B**.

Modera:

Cristina González, Nova Xestión Cultural.

18:45-19:30h

Pecha Kucha

Presentación de proxectos culturais en marcha e casos de éxito a través dun formato breve e dinámico.

- Ángel Colomina, director xeral da **Fundación Incyde**.
- Jesús Terrazas, director da Rede de Incubadoras de ProMálaga, **Proyecto Ice-Promalaga**.
- Manuel del Río Regos, deseñador de **Cenlitros-metrocadrado**.
- Sonia Díaz e Lorena Seijo, responsables de comunicación e formación de **NóComún**.
- Mauro Sanín, creador e produtor musical de **Vilaxoan**.
- Juan Vázquez Gancedo, director xeral de **Bodegas Martín Códax**.
- Daniel Pires, director de **Maus Hábitos**.

18:30-18:45h

Pausa café



| PROGRAMA | VENRES 17 FEBREIRO

10:00-12:00h

Novos contextos para a creatividade e a innovación

Fórmulas de cooperación para favorecer o desenvolvemento creativo e empresarial e novas formas de traballo coas que dinamizar os procesos produtivos.

- Miren Arantzazu Jiménez Sánchez e Igor Arrien Garmendia, responsables da área de proxectos do departamento de comercio no Concello de Bilbao (**CIB Bilbao**).
- Rafael de Ramón, conceptualizador, propulsor e líder de **Utopic_Us**.
- Ana María Llopis, fundadora e conselleira delegada de **Ideas4All**.

Modera: Juan Freire, profesor da Universidade da Coruña.

12:15-13:45h

Reunións de traballo e itinerarios en proceso pola Cidade da Cultura

Presentación de proxectos nos que a creatividade e a innovación son os eixes fundamentais de desenvolvemento.

13:45-14:00h

Clausura

12:00-12:15h

Pausa café



| INFORMACIÓN PRÁCTICA |

Secretaría técnica

Correo electrónico:

economiaecultura@cidade dacultura.gal



CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA

INTER
CAMBIAR



| COMO CHEGAR Á CIDADE DA CULTURA |

Autobuses urbanos

LUNS A VENRES LABORABLES
E SÁBADOS POLA MAÑÁ

LIÑA 9

HORARIOS DE SAÍDA. Cada 60 min.

CASAS NOVAS




L-V lab	7.30 - 22.30
S	8.30 - 13.30

CIDADE DA CULTURA



L-V lab	8.00 - 22.00
S	9.00 - 13.00

IDA



VOLTA

